[Gal/Cast] CNT apoia a folga do ensino do 9 de maio

CNT GALIZA :: 08/05/2013

CNT apoya la huelga convocada el 9 de mayo contra los recortes y la privatización de la enseñanza aunque con la crítica a la verticalidad de los sindicatos oficialistas

Galego

O próximo día 9 de maio hai convocada folga en todos os sectores do ensino en protesta polas decisións do goberno actual, que prexudica claramente o ensino público para favorecer a privada, reducindo ou eliminando as conquistas obtidas neste ámbito pola clase traballadora. Neste contexto de empeoramento continuo e insustentable, CNT secunda as mobilizacións que se realizan contra as decisións gobernamentais, e manifesta o seu apoio a todas as persoas que optan pola loita e abandonan a resignación e a pasividade reinantes. Por outra banda, debemos lembrar que a educación pública leva xa moitos anos de agresións por parte dos distintos gobernos que sufrimos, que fomentaron activa e pasivamente o sector privado, de forma tanto aberta (con subvencións, deducións fiscais, etc) como soterrada (desatención e descrédito do ensino público, tratando de forzar a quen llo poida permitir o uso da privada). A crise converteuse nunha excelente escusa para acelerar un proceso que xa se estaba dando.

Son os/as traballadores/as e os/as estudantes quen deben decidir, organizándose horizontalmente, e tomar as rendas da súa loita, desmarcándose das cúpulas políticas dos sindicatos maioritarios e sectoriais que nos manexan e instrumentalizan ao seu antollo. Non esquezamos que quen agora nos chaman á folga son frecuentemente cómplices dos ataques sufridos, e que á hora das eleccións utilizarán estas mobilizacións como "medallas" para pedirnos o voto.

Desde o sindicato CNT apoiamos e secundamos a iniciativa de folga e as decisións asemblearias tomadas en cada centro educativo, aínda que desde a crítica á verticalidad mostrada polos sindicatos oficialistas.

Se ninguén estuda por ti, se ninguén ensina por ti e se ninguén traballa por ti,que ninguén decida por ti.

Castellano

Se ha convocado el próximo 9 de mayo una huelga en todos los sectores de la enseñanza en protesta por la decisiones del gobierno actual, que perjudica claramente la educación pública para favorecer a la privada, reduciendo o eliminando las conquistas obtenidas en este ámbito por la clase trabajadora. En este contexto de empeoramiento contínuo y insustentable, CNT secunda las movilizaciones que se realizan contra las decisiones gubernamentales, y manifiesta su apoyo a todas las personas que optan por la lucha y abandonan la resignación y la pasividad reinantes. Por otro lado, debemos recordar que la educación pública lleva ya muchos años de agresiones por parte de los distintos gobiernos que sufrimos, que han fomentado activa y pasivamente el sector privado, de forma tan

abierta (con subvenciones, deducciones fiscales, etc) como oculta (desatención y descrédito de la enseñanza pública, tratando de forzar a quien se lo pueda permitir el uso de la privada).

Son las/los trabajadoras/es y las/los estudiantes quienes deben decidir, organizándose horizontalmente, y tomar las riendas de su lucha, desmarcándose de las cúpulas políticas de los sindicatos mayoritarios y sectoriales que nos manejan e instrumentalizan a su antojo. No olvidemos que quien ahora nos llama a la huelga son frecuentemente cómplices de los ataques sufridos, y que a la hora de las elecciones utilizarán estas movilizaciones como "medallas" para pedirnos el voto.

Desde el sindicato CNT apoyamos y secundamos la iniciativa de huelga y las decisiones asamblearias tomadas en cada centro educativo, aunque desde la crítica a la verticalidad mostrada por los sindicatos oficialistas.

Si nadie estudia por ti, si nadie enseña por ti y si nadie trabaja por ti, que nadie decida por ti.

---

https://galiza.lahaine.org/gal-cast-cnt-apoia-a-folga-do-ensino-do